

## Proxecto canal de video do Local de Música de Pontevedra

### INFO

O local de Música de Pontevedra é un espazo público municipal concebido para que os músicos noveis de Pontevedra teñan un punto de encontro onde poder realizar actividades de ensaio, gravación e formación. A empresa xestora do local de Música é XENEME intervención social S.L.L., que é a responsable da xestión e dinamización do espazo.

O obxectivo é: xestionar un canal de video nunha plataforma web como YOUTUBE ou similar asociado ao Local de Música de Pontevedra é presentar e difundir a escena local e a súa creatividade, promocionando e promovendo todos os estilos musicais.

O proxecto é outra proposta de participación sociocomunitaria para que calquera persoa poida interactuar, aportar e formar parte dun proceso de traballo compartido e colaborativo (tanto no proceso de produción como na execución artística) para amosar os traballos da comunidade artística e musical da cidade vencellados ao Local de Música e ao Departamento de Xuventude do Concello de Pontevedra.

O Local de Música propónse como un espazo para a representación de música en directo sempre e cando o material sexa orixinal ou o material estea no dominio público e que se trate dunha interpretación orixinal.

Filmaremos como se fose un programa en vivo, unha soa toma. Por iso pedimos que chegedes preparados. Adicionalmente poderedes facer unha sesión de fotos.

O Local é unha zona libre de alcohol, tabaco ou calquera clase de drogas.

Como o propósito é grabar e amosar a túa obra creativa, precisamos o teu consentimento para subir a grabación a Internet e a o noso sitio web. Isto é importante se tes algun contrato con algunha discográfica ou editorial. Por iso temos un acordo de Licencia que precisamos asinado. Non se trata de ceder os vosos dereitos de autor das cancións, só se trata de que nos autorices a reproducir e difundir o video. Ademais este acordo podese cancelar en calquera momento.

O teu video poderá saír entre uns días ou meses despois da filmación.

Non existe ningún tipo de acordo monetario nin remuneración pola actividade. Nin pagas nin cobras.

---

CONTRATO de LICENCIA

Lugar	Data

REUNIDOS

Por unha parte:

Componentes			
Nome e Apellidos			
Enderezo			
Concello			
DNI		Data nacemento	
Nome e Apellidos			
Enderezo			
Concello			
DNI		Data nacemento	
Nome e Apellidos			
Enderezo			
Concello			
DNI		Data nacemento	
Nome e Apellidos			
Enderezo			
Concello			
DNI		Data nacemento	
Nome e Apellidos			
Enderezo			
Concello			
DNI		Data nacemento	

No sucesivo “o artista e os artistas interpretes ou executantes”

Pola outra,

D. Diego Parajó Naveira, con DNI 44.811.134G, representante legal de XENEME Intervención Social, S.L.L, (No sucesivo “xestora do Local de Música”), con sede fiscal en igrexa 39, Luou, TEO e CIF B15893159.

## Manifestan

### 1-Obxecto

O Obxecto do presente contrato componse da realización dunha sesión de grabación audiovisual e sesión de fotos do grupo/solista para a difusión da súa obra.

### 2-CLAUSULAS

A-A actuación ten un obxectivo de difusión da non ten un carácter comercial e non será remunerada

#### A-Cesión de dereitos

Os artistas interpretes ou executantes otorgan expresamente á xestora do Local de Música os seguintes dereitos en relación co rendemento:

1. O dereito a capturar e rexistrar o rendemento por medios audiovisuais.
2. O dereito a utilizar, reproducir, publicar, distribuir e explotar doutra maneira a composición e rentabilidade por calquer medio de comunicación (conocido ou futuro).
3. O dereito a sublicenciar algún ou todos os dereitos otorgados a terceiros.
4. Renuncia a compensación económica.

Vostede, o artista e os artistas interpretes ou executantes dan a xestora do Local de Música o dereito de usar, exhibir e explotar de calquera xeito (e para facultar a calquera das súas filiales, subcontratistas, concesionarios, licenciatarios e terceiros) de usar imaxe, de usar o nome do artista, información biográfica de cada un dos artistas ou executantes, unicamente en relación cos dereitos otorgados neste CONTRATO.

#### B-Obrigas

Na data \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_ está prevista a realización da sesión de gravación da que é obxecto este contrato, no tempo e forma establecido nun documento denominado folla de ruta, que contén as prescricións técnicas e horarios da actividade.

O grupo comprométese ao cumprimento desta folla de ruta, que se entregará coa antelación suficiente para a súa correcta interpretación.

A organización resérvase o dereito de realización de cambios, e de mutuo acordo, poderanse establecer os cambios pertinentes para unha satisfactoria relación.

En caso de que algún dos componentes do grupo/solista sexa menor de idade, deberán presentar antes da sesión unha autorización de pai/nai/titores legais. (Anexo 1)

#### C-Datos da obra

Autor	Intérprete
Título canción	

#### LOPD

En aplicación do disposto pola LO 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos, mediante a cumprimentación do presente contrato, autorizo que os datos persoais nel recollidos sexan incorporados ao correspondente ficheiro do servizo de xestión do Local de Música Municipal do concello de Pontevedra. Os devanditos datos serán tratados coa finalidade da xestión das Instalacións Municipais e a participación nas actividades organizadas polo Departamento de Xuventude e Local de Música.

A posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos ficheiros está dispoñible mediante contacto co Local de Música de Pontevedra, R/ Otero Pedraio, S/N, 36004, Pontevedra, telf. 986 856 573.

